

XINKANA DEPORTIVA

OBXETO

A xinkana deportiva consta da agrupación de todos os deportes ofertados en Salceda de Caselas para ofrecer simultaneamente a oferta dos mesmos a nenos e nenas de 4-16 anos do noso Concello.

OBXETIVO

1. Mostrar todos os deportes e facer partícipe aos nenos e nenas que se involucren nos mesmos.
2. Difundir e promocionar cada deporte e despertar o interese a través da súa práctica.
3. Transmitir os valores de compañeirismo entre os máis cativos para desenvolver en grupo as súas habilidades
4. Dar a coñecer o conxunto de instalacións deportivas como espazo para a práctica do deporte.
5. Fomentar o deporte e a vida saudable, en contraposición co sedentarismo.

DATA E DURACIÓN

2 días, os días 11 e 12 de Setembro DO PRESENTE ANO.

HORARIO VENRES DE 18:30-21:30 e o sábado 10:30-13:30

FINALIDADE

Que cada neno ou nena poida coñecer a oferta deportiva a través da súa práctica e coñecer as súas habilidades e futuro deportivo.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

A xinkana deportiva vai a constar da práctica simultánea de todos os deportes en dúas zonas de traballo.

Vanse a agrupar en dous días os nenos de 4-14 anos e a establecer dúas zonas de actividades.

O GRUPO A vai a comprender idades de 4-8 anos e se vai a subdividir en grupos por idades que realizarán as probas simultaneamente rotando de deporte en deporte. O venres van a facer probas da ZONA1, e zona 2 o sábado.

GRUPO B que comprende idades de 8-14. Van a facer probas na zona 2 o venres e zona 1 o sábado.

ZONA 1 (PAVILLÓN POLIDEPORTIVO, COMPLEXO ALTAMIRA E PISTAS POLIDEPORTIVAS)

DEPORTES: Bádminton, tenis, baloncesto, patinaxe, ximnasia acrobática, voley.

Vanse a realizar probas de 25 minutos de exercicios , incluíndo a explicación e pase para a o seguinte deporte (15 min recomendados de xogos). Agruparanse en

subgrupos de idade que van a rotar segundo o circuito que se monte unha vez coñecidos os participantes.

Cada clube ten que facer a proba que farán os nenos e nenas das diferentes idades que pasen polo seu deporte.

PISTAS POLIDEPORTIVAS: TENIS

XIMNASIO: XIMNASIA ACROBÁTICA

PAVILLÓN: BADMINTON, PATINAXE

PAVILLÓN/ PISTAS POLIDEPORTIVAS : BALONCESTO

ZONA 2 (PISTA MULTIDEPORTE A DEVESA, CIRCUITO PUMP TRACK AND DIRT, CAMPO POLIDEPORTIVO DA GÁNDARA, PRAZA DO CONCELLO)

Deportes: Fútbol sala, balonmán, tenis, xadrez, ciclismo, xincana

Vanse a realizar probas de 25 minutos de exercicios , incluíndo a explicación e pase para a o seguinte deporte (15 min recomendados de xogos). Agruparanse en subgrupos de idade que van a rotar segundo o circuito que se monte unha vez coñecidos os participantes.

CAMPO DA GÁNDARA: Fútbol sala

A PISTA MULTIDEPORTE DEVESA: Balonmán

CIRCUITO BMX: bicis

PARQUE RAÍÑA ARAGONTA: Xadrez e Xincana

CONEXIÓN CIRCUITOS : A PARTIR DE 6 ANOS CLUBE CICLISTA ARAGONTA os menores Terán que ir a pe acompañados por un titor responsable.

